

**NOTA DE PRENSA 081/23**  
**22 DE SETEMBRO DE 2023**

**AS SOMOZAS ACOLLE A SÉPTIMA PARADA DO CAMPIONATO GALEGO DE  
SLALOM**

O Campionato Galego de Slalom chega ao último tercio da tempada coa celebración este sábado 23 de setembro da segunda edición do Slalom de As Somozas, séptima proba puntuable do certame.

Case 60 equipos estarán na liña de saída da proba coruñesa, que na súa segunda edición terá un trazado complexo e atractivo tanto para participantes como afeccionados.

Dentro dos favoritos, Iván Picallo, Manuel Trevín ou Aitor Fornos, que entre outros moitos candidatos, mostraron o seu nivel superando os conos nos distintos trazados galegos esta tempada.

Tamén estarán presentes os principais competidores das copas de iniciación e debutantes, que sempre aportan emoción ás citas autonómicas.

A proba comezará ás 09:30 horas coa celebración da primeira das mangas de adestramentos, para afrontar case sen deterse a segunda de adestramentos e as dúas oficiais, da que sairán os gañadores.

A entrega de premios da proba será despois da publicación dos resultados oficiais, despois das 22:30 horas da noite.